



FUGAS E INTERFERENCIAS

I CONGRESO DE ARTE DE ACCIÓN


RELATORIOS

CONVIDADOS + COMITÉ CIENTÍFICO

1, 2 Y 3 DE DICIEMBRE DE 2016

ALBA BLANCO BOGA

PERFORMANCE 2.0 ESTRATEGIAS PERFORMÁTICAS NA ERA DO SISTEMA-REDE



Trala segunda era de internet os dispositivos tecnolóxicos invadiron todas as facetas da vida. A súa portabilidade contribuíu a unha modificación significativa na forma de comunicarnos e relacionarnos, que afectou tamén ao modo no que construímos, consumimos e reflexionamos en torno á arte.


Aínda que existen exemplos paradigmáticos anteriores a esta rede 2.0 que operan no campo da performance e reflexionan acerca do posthumano (como o de Marcel.lí Antúnez, Orlan ou Stelarc) parece darse unha dinámica performática nas manifestacións artísticas recentes vinculadas ao campo do dixital, non só a situar ditas manifestacións no multiverso senonao empregalo como mediador, provedor ou xerador de acción. Este novo emprazamento recodifica a lectura de conceptos clave na arte de acción como o de presenza, espazo ou tempo e abre unha fenda que nos fai preguntarnos: atopámonos tamén ante a segunda era da performance?

PALABRAS GRAVE:

PERFORMANCE, ARTE DE ACCIÓN, SISTEMA-REDE, CORPO, CYBORG, INTERNET, REDES SOCIÁIS

DAVID PÉREZ

O DISCURSO ESTÉTICO DO ACONTECER: IMPLICACIÓNS CONCEPTUAIS



As accións e performances articúlanse desde un tempo e un espazo concretos.


O seu aquí é o seu agora e o seu presente un facérsenos presenza. Porén, este presentárenos que comparte con toda experiencia estética —dado que calquera das lecturas e interpretacións producidas no ámbito artístico lévase a cabo desde un determinado aquí e agora— adquire no discurso performático unha especial relevancia, unha relevancia que é tal debido ao feito de que o acaecer que nos concita e advén posibilita o establecemento da súa especificidade. A través da presente intervención deséxase analizar desde o eido da filosofía e a estética o propio feito da acción en tanto que fenómeno que permite a constatación dun saber flutuante que, somerxéndonos no contacto co presente, leva consigo a presenza do contacto.

PALABRAS CRAVE:

ACONTECEMENTO, ARTE DE ACCIÓN, ESTÉTICA DO ACONTECER, PERFORMANCE, PRESENCIA, TEMPORALIDADE ARTÍSTICA

MARTA POL RIGAU

POSIBLES ENTORNOS DIALÓXICOS ENTRE A ARTE DE ACCIÓN E O CONTEXTO POLÍTICO



Nos últimos tempos o impacto político, social, económico e cultural modificou o noso entorno. Realidade que supuxo un cambio de orientación nas prácticas artísticas, por un lado, denótase unha vontade de salientar unha postura crítica cara a institución arte e, polo outro, constátase a implicación do artista na práctica activa en política.

O noso análise propón amosar como unha serie de artistas, a fin de encontrar vías alternativas ao sistema establecido e estabilizado, expoñen estratexias participativas que, para existir, deben xerar uns contextos adecuados para a súa realización. Así para interactuar cos participantes, han proporcionar unhas coordenadas óptimas, tanto en relación aos aspectos físicos -espazo e tempo- como aos compoñentes psicolóxicos -estados mentais.


Poden ser estes puntos un medio para abordar os conceptos de performático e performativo? Poden ser estes conceptos unhas estratexias que permitan reconectar a arte coa realidade?

PALABRAS CRAVE:

ARTE DE ACCIÓN, INTERACCIÓN, MULTIDISCIPLINARIEDADE, PARTICIPACIÓN

CARLOS TEJO

A POLÍTICA DO CORPO NO ESPAZO URBANO: TRES CASOS DE ESTUDO EN TORNO A OUTRA ARTE DE ACCIÓN




A arte de acción deixa ver no emprego do corpo a súa esencia fundamental, debuxándonos unha variada cartografía da fisicidade. No seu complexo percorrido, este modo de facer aliméntase tamén do discorrir do tempo, da presenza, do contextual, do contacto directo co público. Ao atender a estas constantes desde unha análise comprometida descubrimos, en numerosas ocasións, un proceder repetitivo infestado de estereotipos que sitúan á práctica á beira do estatismo e a involución. A nosa reflexión propón o achegamento a tres casos de estudo que exemplifican con claridade novas aperturas para o medio: Gregor Schneider, Javier Nuñez Gascó e Tania Bruguera. A partir do estudo dos seus proxectos, tentaremos delimitar un corpus que nos axude a definir unha arte de acción dinámica e en constante evolución; un proceder que saiba dinamitar os cimentos dunha preocupante parálise.

PALABRAS CRAVE:
CORPO, PERFORMANCE, POLÍTICA, ARTE URBAN

ÁLVARO TERRONES

DESCOSIDOS NA REDE DA PERFORMANCE OU COMO SAÍR DO TESTO E SEGUIR SENDO FLOR



A presente investigación pon en cuestión e analiza as características básicas e comúns que definen a arte de acción co obxectivo de autoafirmarse nas súas calidades fundamentais ou, polo contrario, estimular e expor alternativas ás afirmacións existentes.

A fonte deste estudo extraeuse da experiencia *etnoperformativa* *Idea (...) Acción*: un proxecto de investigación propio e aínda en curso baseado nun arquivo de entrevistas a artistas do ámbito europeo e de Québec, documentadas mediante técnicas procedentes do campo etnográfico. Empregando como fonte a poboación estudada no proxecto *etnoperformativo*, o resultado deste artigo é a construción dun glosario de tópicos elementais e enunciados que se serven da retórica para establecer un lugar común e de identificación conceptual: a rede da performance.


Porén, unha rede baseada en afirmacións non cuestionadas pode limitar o seu propio medio e incluso atrapar as súas posibilidades creativas. Por iso, é imprescindible escapar *polo descosido* e saír a *campo aberto* co fin de exercitar a autocrítica, observar o aspecto da arte de acción e comprobar que non está modelado sobre unha nube de fume para, desta forma, autoafirmarse lexitimamente no *coñecemento de causa*.

PALABRAS CRAVE:

INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA; METODOLOXÍA CUALITATIVA; TÓPICOS; AUTOAFIRMACIÓN; PERFORMANCE ART; ARTE DE ACCIÓN; ARTE CONTEMPORÁNEA.

GABRIEL VILLOTA

PRESENZA, PEGADA E REXISTRO NO VÍDEO DE DANZA E A PERFORMANCE




A performance que vemos en directo nunha galería, a coreografía que podemos ver sobre un escenario, e o rexistro de dita performance ou de dita coreografía sobre calquera soporte audiovisual son obras diferentes, aínda que partan dun mesmo material orixinal. Máis alá do carácter factográfico, denotativo e documental deste tipo de traballos, propoñemos que unhas veces estas imaxes quedan encadradas pola cámara e articuladas mediante a sintaxe da montaxe, xorden novas posibilidades interpretativas que ten máis ben que ver coas propiedades connotativas da linguaxe. Para apoiarnos na argumentación desta hipótese baseámonos no concepto de “pegada” como xerador do “sentido” propio da escrita, fronte á pura “presenza”.

PALABRAS CRAVE:

PEGADA, CORPO, REXISTRO, VIDEODANZA, VIDEOPERFORMANCE

JUDIT VIDIELLA

DE XIROS, XENEALOXÍAS E FORZAS MOLARES E MOLECULARES NOS ESTUDOS DE PERFORMANCE: A FUGA FEMINISTA NO NOVO MATERIALISMO



Abrir unha reflexión teórica dos ‘novos comportamentos’ da performance, lévanos a analizar as xenealoxías (patriarcais) epistemolóxicas e teóricas que compartimos (ou non), así como as disputas nos campos de coñecemento sobre o novo, o vello, o propio... Algúns autores sinalan certa fatiga do Post (Postcolonialismo, Postfeminismo, Posthumanismo...) e do Xiro (Xiro visual, Xiro lingüístico, Xiro afectivo...), ao que se lle suman a recente fuga cara o Novo Materialismo, que revisa cuestións fundamentais para a arte de acción como son as nocións de acción e axencia (a actantes); de presenza, vida e ‘en vivo’; de espazo e tempo; de (in)materialidade... Se desde o Novo Materialismo se expande o reino da vida, o ‘animado’ e a axencia máis alá do humano, e obxectos, afectos e materiais performan e se converten en actantes, como repensamos a arte de acción desde este xiro cara o Non humano?

PALABRAS CRAVE:

NOVO MATERIALISMO, PERFORMANCE, PERFORMATIVIDADE, ARTE DE ACCIÓN, XENEALOXÍAS MENORES



FUGAS E INTERFERENCIAS

I CONGRESO DE ARTE DE ACCIÓN

FUGASEINTERFERENCIAS@GMAIL.COM

FUGASEINTERFERENCIAS.WORDPRESS.COM